

RAZAS GANDEIRAS

A raza é un grupo de animais da mesma especie que presenta características morfolóxicas e produtivas semellantes ao ser explotado nas mesmas condicións ecolóxicas e ambientais (alimentación, aloxamentos e manexo).

No Regulamento sobre Cría animal defínese raza como “poboación de animais suficientemente uniforme como para que se poda considerar diferente de outros animais da mesma especie por unha ou varias agrupacións de criadores que acordaran inscribir ditos animais en libros xenealóxicos con indicación dos seus ascendentes coñecidos, a fin de perpetuar as súas características herdadas a través da reprodución, o intercambio e a selección no marco dun programa de cría”.

Un animal reprodutor de **raza pura** é aquel inscrito ou rexistrado (ou que poda inscribirse) na sección principal dun libro xenealóxico xestionado por unha asociación oficialmente recoñecida ou por un servizo oficial, coa fin de poder participar nun programa de mellora. Será considerado animal de raza pura aquel cuxos pais y avós estean inscritos ou rexistrados no libro xenealóxico da mesma raza.

Encaste, estirpe ou variedade: poboación pechada de animais dunha raza, que foi creada a base de illamento reprodutivo, sempre con determinados individuos desa raza, sen introdución de material xenético distinto, polo menos por un mínimo de cinco xeracións.

Programas de mellora: Recollen o conxunto de actuacións deseñadas e aplicadas para mellorar as características fenotípicas e/ou xenotípicas desexadas na poboación reprodutora.

A función destes programas é a de conservar, mellorar e fomentar unha raza.

Programas de mellora. 2 tipos:

1) De selección: Se o que se procura é obter os mellores reprodutores.

2) De conservación: Se o que se pretende é a continuación xenética dunha raza.

Cruzamentos

Na práctica, o concepto de cruzamentos relaciónase co apareamento de individuos de diferentes poboacións, comunmente entre razas ou liñas dentro de razas.

XENOTIPO E FENOTIPO

O **xenotipo** describe a constitución xenética dun individuo. O **fenotipo** é á manifestación visíbel do xenotipo nun determinado ambiente. Os fenotipos son moito máis doados de observar do que os xenotipos (Ex.: non se necesita ningún tipo de exame químico para determinar a cor de capa dun bovino).

A interacción entre o xenotipo e mais o fenotipo describiuse a miúdo usando a simple ecuación que se expón a continuación:

$$\textbf{Fenotipo} = \textbf{xenotipo} + \textbf{ambiente}$$

O Catálogo Oficial de Razas de Gando de España

contén a relación oficial e a clasificación de todas as razas gandeiras recoñecidas en España de interese económico, produtivo ou social, e que se recollen de acordo á seguinte clasificación:

1º. Razas autóctonas españolas: As que se orixinaron en España, catalogándose como **razas de fomento**, aquelas que polo seu censo e organización se encontran en expansión e como **razas en perigo de extinción**, aquelas que se encontran en grave regresión ou en risco de desaparición, de acordo cos criterios establecidos a nivel nacional ou internacional.

2.º Razas integradas en España: Aquelas que se incorporaron plenamente ao patrimonio gandeiro español, con máis de vinte anos en España, con xenealoxía e controis de rendemento coñecidos e que posúen un número de reprodutoras censado que permite desenvolver un programa de mellora.

3.º Razas da Unión Europea: Aquelas razas recoñecidas polas autoridades competentes dun ou varios Estados membros, que contan con animais inscritos nun libro xenealóxico, realizan controis de rendemento para a avaliación xenética dos reprodutores e dispoñen en España dun censo suficiente de animais de raza pura para o desenvolvemento dun programa de mellora.

4.º Razas de terceiros países: Aquelas procedentes dos mesmos e asentadas en España que, para poder figurar no Catálogo de Razas de España, necesitan ter suficientemente contrastada a súa adecuación ao ecosistema español e o seu interese produtivo e económico, tras un período de observación e seguimento, ademais de dispoñer no noso país dun censo suficiente de animais de raza pura inscritos nun libro xenealóxico para o desenvolvemento dun programa de mellora. Refírese unicamente neste momento á raza ovina Assaf, de orixe israelí.

5.º Razas sintéticas españolas: Aquelas que foron caracterizadas e desenvolvidas en España a partir de cruces planificados entre diferentes razas, que teñen un obxectivo funcional ou de produción definido nun programa de mellora, con censo suficiente para desenvolvelo e que non cumpren os requisitos para incorporarse ao resto das categorías establecidas no Catálogo Oficial de Razas. Refírese unicamente neste momento á raza ovina Salz, que debe o seu nome á localidade onde se ubica a explotación na que foi obtida (Ontinar de Salz, en Zaragoza).

6.º Outros équidos rexistrados: Aqueles que non pertencen a ningunha das razas das categorías anteriores. Refírese unicamente neste momento ao Cabalo de Deporte Español (C.D.E.).

Razas autóctonas:

a) De fomento:

1.º *Especie bovina:* Asturiana de los Valles, Avileña
Negra Ibérica, Lidia, Morucha, Parda da Montaña,
Pirenaica, Retinta e **Rubia Galega.**



RUBIA GALEGA



ASTURIANA DE LOS VALLES

2.º *Especie ovina:* Carranzana, Castellana, Churra, Latxa, Manchega, Merina, Navarra, Ojinegra de Teruel, Rasa Aragonesa e Segureña.



CHURRA



MERINA



OJINEGRA DE TERUEL

3.º *Especie caprina:* Majorera, Malagueña, Murciana-Granadina, Palmera e Tinerfeña.



CABRA PALMERA



MURCIANO GRANADINA



MALAGUEÑA

4.º *Especie porcina*: Ibérico, Ibérico (variedade Retinto)
e Ibérico (variedade Entrepelado).



CERDO IBÉRICO



CERDO IBÉRICO VARIEDADE RETINTA

5.º *Especie equina caballar:* Española.



6.º *Especie aviar:* Combatiente Español.



b) En perigo de extinción:

1.º Especie bovina: Albera, Alistana-Sanabresa, Asturiana de la Montaña, Avileña-Negra Ibérica (variedad Bociblanca), Berrenda en Colorado, Berrenda en Negro, Betizu, Blanca Cacereña, Bruna de los Pirineos, **Cachena, Caldelá,** Canaria, Cárdena Andaluza, **Frieiresa, Limiá,** Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina, Morucha (variedad Negra), Murciana-Levantina, Negra Andaluza, Pajuna, Palmera, Pasiega, Sayaguesa, Serrana Negra, Serrana de Teruel, Terreña, Tudanca e **Vianesa.**



CACHENA



CALDELÁ



FRIEIRESA



LIMIÁ



VIANESA

2.º Especie ovina: Alcarreña, Ansotana, Aranesa, Canaria, Canaria de Pelo, Carranzana (variedad negra), Cartera, Castellana (variedad negra), Chamarita, Churra Lebrijana, Churra Tensina, Colmenareña, **Ovella Galega**, Guirra, Ibicenca, Lojeña, Maellana, Mallorquina, Manchega (variedade negra), Menorquina, Merina (variedad negra), Merina de Grazalema, Montesina, Ojalada, Palmera, Ripollesa, Roja Mallorquina, Roya Bilbilitana, Rubia del Molar, Sasi Ardi, Talaverana, Xalda y Xisqueta.



OVELLA GALEGA

3.º *Especie caprina:* Agrupación de las Mesetas, Azpi Gorri, Blanca Andaluza o Serrana, Blanca Celtibérica, Bermeya, Del Guadarrama, Florida, **Cabra Galega**, Ibicenca, Jurdana, Mallorquina, Moncaina, Negra Serrana, Payoya, Pirenaica, Retinta y Verata.



CABRA GALEGA

4.º Especie porcina: Porco Celta, Chato Murciano, EuskalTxerria, Gochu Asturcelta, Ibérico (variedades Torbiscal, Lampiño y Manchado de Jabugo), Negra Canaria e Negra Mallorquina.



PORCO CELTA

5.º *Especie equina cabalar:* Asturcón, Burguete, Caballo de Monte de País Vasco, **Cabalo de Pura Raza Galega**, Hispano-Árabe, Hispano-Bretón, Jaca Navarra, Losina, Mallorquina, Marismeña, Menorquina, Monchina e Pottoka.



CABALO DE PURA RAZA GALEGA

6.º *Especie equina asnal:* Andaluza, Asno de las Encartaciones, Balear, Catalana, Majorera e Zamorano-Leonés.

7.º *Especies aviaries:* Andaluza Azul, Valenciana de Chulilla, Euskal Oiloa, Gallina Empordanesa, **Galiña de Mos,** Gallina del Prat, Mallorquina, Menorquina, Murciana, Pita Pinta, Penedesenca, Utrerana, Indio de León, Pardo de León, Gallina Castellana Negra, Oca Empordanesa e Euskal Antzara.



GALIÑA DE MOS

Razas integradas en España:

1º Especie bovina: Blonda de Aquitania, Charolesa, Fleckvieh, Frisona, Limusina, Parda.



BLONDA DE AQUITANIA



CHAROLESA



FLECKVIEH



FRISONA



LIMUSINA



PARDA

2º *Especie ovina:* Assaf, Berrichon du Cher, Charmoise,
Fleischschaf, Ile de France, Lacaune, Landschaff e
Merino Precoz.



ASSAF



BERRICHON DU CHER



FLEISCHSCHAF



ILE DE FRANCE



LACAUNE




LANDSCHAFF

4º Especie caprina: Alpina



3º *Especie porcina:* Blanco Belga, Duroc, Hampshire,
Landrace, Large White e Pietrain.




BLANCO BELGA




DUROC



HAMPSHIRE



LANDRACE



LARGE WHITE



PIETRAIN

4º *Especie equina cabalar:* Árabe, Anglo-Árabe, Pura
Sangre Inglés, Trotador Español.



ANGLO-ÁRABE



ÁRABE



PURA SANGRE INGLÉS



TROTADOR ESPAÑOL



Razas da Unión Europea:

1º *Especie ovina:* Lacaune.

2º *Especie caprina:* Alpina.

*Tamén as atoparemos como “razas integradas en España”

Razas de terceiros países:

Especie ovina: Assaf.

*Tamén a atoparemos como “raza integrada en España”

Razas sintéticas españolas:

Especie ovina: Salz (tamén a atopamos como: “Outras razas recoñecidas en España”), orixinada a partir dos cruzamentos de Rasa Aragonesa e sementais Romanov.



Outros équidos rexistrados: Cabalo de Deporte Español (C.D.E.) (tamén a atopamos como: “Outras razas recoñecidas en España”).

